

## Estudiantes vigueses quedan finalistas nun concurso de video divulgativo de 'The Scientist'

Mª del Carmen Echevarría  
17/09/2010 - 23:04 h.

### A peza de animación en 3D céntrase no papel dos lagartos como dispersores de sementes

Catro anos de traballo resumidos en tres minutos de animación 3D poden valerlle ao Grupo de Ecoloxía e Evolución das Plantas da Universidade de Vigo o premio The 2010 Multimedia Awards que organiza a prestixiosa revista de divulgación científica The Scientist. Outros nove traballos elaborados por sociedades como National Geographic, universidades como a galesa de Glamorgan ou a Western Australia e centros de investigación como o Energy Joint Genome Institute, o Monterrey Bay Aquarium Research Institute ou o WYSS Institute, concorren ao galardón co que a revista premia o contido científico, a orixinalidade ou a calidade de produción de pezas audiovisuais que teñen como obxectivo a divulgación científica.

Fronte ás propostas dos outros nove candidatos nas que a xenética, as bacterias gástricas, a pel dunha especie de ra de Madagascar ou a enfermidade Huntington son as protagonistas, o Laboratorio de Ecoloxía e Evolución das Plantas da Universidade de Vigo que dirixe Luis Navarro, concorre ao certame cun vídeo sobre o papel dos lagartos como dispersores de sementes. “A través desta peza duns tres minutos de duración, titulada A importancia dos lagartos nos ecosistemas insulares”, explica Luis Navarro, “transmitimos de forma gráfica e sinxela unha información que pode resultar complicada de entender ao público en xeral como é a mellora que experimentan na capacidade xerminar as sementes que pasan polo tracto dixestivo dos lagartos”, unha investigación sobre a que o grupo leva catro anos traballando no Parque Nacional das Illas Atlánticas e que decidiron plasmar neste vídeo divulgativo que non é o primeiro destes investigadores. E é que a divulgación forma parte desde hai un par de anos do traballo do Laboratorio de Ecoloxía e Evolución das Plantas que a día de hoxe e coa colaboración de infografistas xa elaboraron tres vídeos e están a traballar no cuarto sobre algas bioluminiscentes.

### Un recoñecemento a golpe de click

Tanto Luis Navarro como os outros oito integrantes do grupo de investigación que non agochan a súa satisfacción por acadar a final do certame de vídeos de The Scientist que na edición anterior gañou un traballo do internacionalmente recoñecido divulgador científico David Attenborough producido pola BBC. “Para nós é un gusto este recoñecemento”, asegura Navarro, “sobre todo por que pon de manifesto que desde aquí podemos facer cousas tan boas como noutros países”, algo que o investigador lamenta que as administracións descoñezan co que de risco á hora da acadar financiamento para este tipo de proxectos supón.

Os votos dos internautas que accedan á páxina web da revista serán os que determinen o vídeo gañador que se coñecerá o vindeiro mes de setembro. Aínda que asegura que “só por ter chegado á final xa estamos satisfeitos”, Luis Navarro anima a votar polo vídeo do grupo de investigación da Universidade de Vigo como un recoñecemento a súa aposta pola divulgación científica que veñen desenvolvendo nos últimos anos.

## Man a man entre Bioloxía e a Infografía

A elaboración do vídeo A importancia dos lagartos nos ecosistemas insulares precisou do traballo conxunto do grupo de investigación e de dous infografistas que foron quen de crear un soporte audiovisual ao traballo que durante anos desenvolveron os biólogos e biólogas que integran o laboratorio. “Todo comezou”, explica Navarro “cunha tarefa de síntese da investigación que fixemos ao longo dos últimos tres ou catro anos, para a continuación preparar un guión e un storyboard sobre o que traballar”. Aínda que os infografistas que participaron neste vídeo eran alleos ao mundo da Bioloxía isto non foi un problema á hora de dar vida ás ideas dos investigadores e así entre todos acadar o obxectivo de amosar o papel dos lagartos como modeladores da paisaxe vexetal nos ecosistemas insulares.

[URL] <http://www.xornal.com/artigo/2010/09/17/sociedad/ciencia-y-tecnologia/estudiantes-vigueses-quedan-finalistas-nun-concurso-video-divulgativo-the-scientist/2010091723040600728.html>

© **XORNAL.COM**, Fundado en 1999 como "EL PRIMER DIARIO ELECTRÓNICO DE GALICIA"

R/ Galileo Galilei, 4B (Polígono A Grela).

Redacción: [redaccion@xornaldegalicia.com](mailto:redaccion@xornaldegalicia.com), Publicidad: [publicidade@xornaldegalicia.com](mailto:publicidade@xornaldegalicia.com)